

## **Patricia Gómez Agrela, xerente de COSE: “O sector forestal debería ter unha fiscalidade propia”**

**É un sector fráxil, que practica unha actividade de risco, a cambio dunha rendibilidade mínima, pero cunha gran achega social e ambiental.**

España é un país forestal. Máis da metade da súa superficie é territorio forestal. E desta, dous terzos están en mans privadas. “Depende destas persoas o mantemento e conservación de gran parte dos nosos montes –sinala Patricia Gómez, xerente de COSE, a Confederación de Organizacións de Silvicultores de España. Por isto é tan importante que políticas e normativas apoiem o labor do propietario forestal”.

COSE cumpre en 2017 trinta anos representando aos propietarios forestais privados, apoiando a xestión forestal, defendendo os intereses do sector poñendo en valor todos os recursos do monte.

Entre os seus obxectivos, a Confederación desenvolve tres liñas de traballo principais:

Asegurar a cofinanciación necesaria para desenvolver as medidas forestais dos PDRs (Plans de Desenvolvemento Rural).

Reivindicación dunha fiscalidade adaptada ás peculiaridades da produción forestal, que incentive a xestión dos montes. “A nosa actividade non é como a agricultura, que obtén rendementos anuais –aclara Patricia Gómez-. Igual ca eles, vivimos co risco das catástrofes naturais e as inclemencias meteorolóxicas, das pragas, enfermidades e risco de incendio. Pero o froito do noso traballo chega a moi longo prazo. Nuns mercados débiles. Cun territorio moi fragmentado, que dificulta moito a obtención dunha rendibilidade.

A posta en valor de todos os recursos do monte. Unha fábrica natural de produtos e servizos, madeireiros e non madeireiros, que “hai que xestionar” e “valorizar”, para que poida manterse.

A xestión do propietario forestal non só proporciona produtos de mercado e bens tanxibles, senón que regala á sociedade servizos ambientais (externalidades positivas) como a fixación de CO<sub>2</sub>, o freo á erosión, a calidade e cantidade da auga, biodiversidade e paisaxe, para o goce e ocio do cidadán. “Todos estes regalos que nos fai o silvicultor non están compensados –lémbraunos a xerente de COSE-. Entre tanto, o xestor do territorio fai que todas esas funcións se manteñan e melloren, arriscando o seu patrimonio”.

Para COSE, “unha fiscalidade axustada ao silvicultor sería un bo mecanismo para compensar o esforzo de preservar as nosas masas forestais nun bo estado de conservación”.

### **SITUACION FISCAL DA ACTIVIDADE FORESTAL**

A actividade forestal está suxeita, como todas as actividades, a unha serie de impostos. Para as propiedades de titularidade individual ou colectiva; desde as persoas físicas ata as sociedades mercantís.

En xeral, trátase de pequenas explotacións, que se transmiten de pais a fillos. E que cada vez costa máis manter. Con poucos apoios financeiros e administrativos. “Transmítese unha terra pero, ademais, un coñecemento, un compromiso de conservación e de arraigamento ao territorio, que resulta clave para manter o vencello con ela”. Todo isto fronte a un problema crecente de despoboamento rural.

COSE considera que “o silvicultor activo é unha persoa que debería de estar mimada pola Administración e polas nosas políticas”.

### **O FITO DE COSE**

O maior fito acadado por COSE en materia de fiscalidade chegou no ano 2002. Da man do Ministerio de Agricultura, sen cuxo apoio non se tería conseguido, a Confederación logrou que os propietarios forestais privados puideran tributar as súas vendas de madeira pola estimación obxectiva ou por módulos. Algo do que se beneficiaban agricultores e gandeiros na súa actividade, por estar no réxime especial da agricultura, pero ao que non tiña dereito o silvicultor, quen tiña que tributar as súas vendas de madeira polo réxime xeral, o que resultaba moi gravoso.

Hoxe no momento da venda os propietarios forestais son considerados empresarios, e no ano da venda de madeira poden entrar no réxime de estimación obxectiva, e non no réxime xeral. “Isto animou o mercado da madeira e doulle transparencia, xa que supuxo un aliciente para declarar as vendas”, lembra Patricia Gómez Agrela.

Tributar por módulos foi tan vantaxoso que fixo aflorar toda unha economía e facer atractiva a xestión no monte, xa que se benefician cun índice redutor as parcelas cun instrumento de ordenación forestal; un plan de xestión é a chave que abre moitas portas para obter subvencións e para acadar vantaxes fiscais.

Cabe lembrar que segundo a disposición adicional cuarta sobre rendas forestais da Lei 35/2006 do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, “non se integrarán na base imponible do IRPF as subvencións concedidas a quen explote montes xestionados de acordo con plans técnicos de xestión forestal, ordenación de montes, plans dasocráticos ou plans de repoboación forestal aprobados pola administración forestal competente, sempre que o período de produción medio, segundo a especie de que se trate, determinado en cada caso pola administración forestal competente, sexa igual ou superior a 20 anos”.

Unha fiscalidade ben adaptada é, sen dúbida, a mellor maneira para estimular a actividade no sector. “Este tipo de medidas impulsa a xestión, favorece a permanencia no territorio”.

## MIRANDO O FUTURO

Xuntamente co Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a Confederación de Organizacións de Silvicultores de España (COSE), en representación da plataforma Xuntos polos Bosques, está traballando na liña de fomentar a xestión dos montes, a través dos incentivos fiscais: unha bonificación do 30% na cota do IRPF ou no Imposto sobre Sociedades dos investimentos dirixidos á xestión forestal sostible, considerada de interese xeral na Lei de montes polos beneficios ambientais que xera á sociedade.

“Unha axeitada política incentivadora da xestión forestal sería a resposta axeitada para desenvolver todo o potencial dos nosos montes e frear o seu abandono, que propicia incendios, pragas e outros problemas -termina Patricia Gómez-. Innda coa citada dedución, cuantificamos que non existe carga fiscal para a Administración, porque hai un retorno destas deducións ás arcas públicas, xa que os investimentos en xestión forestal son intensivos en man de obra, e prodúcese un efecto recadador a través do IRPF por novas contratacións, cotizacións á seguridade social, o IVE que xera a actividade asociada e a diminución de gastos por prestación de desemprego, ao que se sumaría o aforro en extinción de incendios, xa que o monte estaría mellor coidado ao realizar rozas, podas, desmestas e claras, mantemento de camiños, etc.

É necesario favorecer a incorporación dos xoves á silvicultura e evitar a fragmentación da propiedade forestal. Para isto propoñemos a exención total do Imposto sobre Sucesións e Doazóns cando se transmitan os montes en herdanza de pais a fillos, en participacións en sociedades forestais de agrupación de propiedades ou en sociedades familiares creadas para conservar a unidade do monte sempre e cando dispoña ou se comprometa a presentar nun prazo breve un instrumento de ordenación forestal.

Para fomentar a agrupación da propiedade nos lugares de forte implantación do minifundismo e o intercambio de terras, propoñemos unha dedución do 100% da cota tributaria ás transmisións onerosas de solo rústico forestal e sobre a cota de actos xurídicos documentados e documentos notariais para as agrupacións de predios rústicos.

Estas medidas de mellora do réxime fiscal contribuirían ao relevo xeracional e a manter a integridade do monte, factores importantes para frear o abandono dos espazos forestais, a nosa maior ameaza”.

[www.selvicultor.net](http://www.selvicultor.net)